

## RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS AO PROCEDIMENTO DE ADQUISICIÓN DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA (VPP) EN SEGUNDA OU POSTERIOR TRANSMISIÓN NO CONCELLO DE MELIDE.

En data 20-06-2014 publicouse a resolución sobre a lista provisional de admitidos e excluídos no procedemento de adquisición de vivenda protexida de promoción pública en segunda ou posterior transmisión do expediente C2001707 conta 14, situado no concello de Melide, na r/ José Cándido Paz Ares, Portal 6, Baixo B.

Transcorrido o prazo sinalado na devandita resolución, non se presentaron reclamacións.

Á vista do que antecede

Resolvo

1º Declarar deserto o procedemento de adquisición, referido á resolución de inicio do 27-05-2014, de vivenda protexida de promoción pública (VPP) en segunda ou posterior transmisión do expediente C2001707 conta 14, situado no concello de Melide, na r/ José Cándido Paz Ares, Portal 6, Baixo B.

2º Ordenar a publicación desta resolución na páxina web de I.G.V.S.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución, de conformidade có disposto no artigo 114 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administración pública e do procedemento administrativo común.

A Coruña, 07 de xullo de 2014  
O xefe territorial da Consellería de  
Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas  
P.S. (Resolución da S.X.T. do 26/07/2012)

Luis G. Eirís Puñal